

# BOLETÍN 2019. PREMIOS E DISTINCIÓNS.

## A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

*Numerosos organismos,  
institucións e entidades  
empresariais premian os  
esforzos da nosa comunidade  
universitaria.*

### PREMIOS E DISTINCIÓNS.

A comunidade universitaria está composta por alumnado, persoal docente e investigador e persoal auxiliar e de servizos. Todas as persoas pertencentes a estes colectivos conforman o gran capital desta institución. O seu esforzo de superación, o seu traballo e os seus intereses profesionais e académicos son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto en España como a nivel internacional.

A Universidade de Vigo quere, con este boletín, recuperar toda a información sobre os premios e distincións acadados pola nosa comunidade universitaria ao longo do 2019.

Nas seguintes páxinas poderán atopar información, extraída de diversas novas do Diario da Universidade de Vigo ([DUVI](#)) e outros xornais sobre os mesmos.

---

*“Parabéns a toda a comunidade universitaria  
polos premios acadados durante o 2019.”*

---





Os investigadores Fernando Pérez, Patricia Campisi, membro do comité técnico do IEEE e Alberto Pedrouzo recollendo o premio do congreso..

## INVESTIGADORES DE ATLANTIC OBTENEN O PREMIO AO MELLOR ARTIGO NO IEEE WORKSHOP ON INFORMATION FORENSICS AND SECURITY

O congreso, que reúne especialistas do todo o mundo, celebrouse en decembro en Hong Kong. ([DUVI](#)) [+info](#)



O estudante Diego Aires gañou o I Premio de TFG..

## A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ECONOMÍA PREMIA A UN VIGUÉS

O seu traballo aborda os efectos macroeconómicos dos impostos progresivos. ([DUVI](#)) [+info](#)



África González.

## ÁFRICA GONZÁLEZ, NOMEADA ACADÉMICA CORRESPONDENTE DA ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

A catedrática foi elixida xunto co profesor Gregorio Varela, da San Pablo CEU de Madrid. ([DUVI](#)) [+info](#)



Na sesión deuse luz verde ao recoñecemento dun máximo de 280 horas de dedicación á docencia.

## O CONSELLO DE GOBERNO APROBA A CONCESIÓN DE 69 PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO E DOUTORAMENTO DO CURSO 2017-2018

A concesión foi aprobada por unanimidade. . ([DUVI](#)) [+info](#)



Tania Álvarez..

### UNHA INVESTIGADORA DO CAMPUS, RECOÑECIDA POLO COE POLOS SEUS ÉXITOS COMO PIRAGÜISTA

En setembro obtiña o bronce no Campionato do Mundo de Maratón. [\(DUVI\)](#) [+info](#)



Fariña, á dereita, xunto a outros dos premiados.

### O TRABALLO A PROL DA MEDIACIÓN DE FRANCISCA FARIÑA É RECOÑECIDO CUNHA MEDALLA AO MÉRITO PROFESIONAL

A catedrática puxo de relevo o papel da educación neste eido. [\(DUVI\)](#) [+info](#)



O novo equipo da RAGC, con Fernando Pérez arriba á dereita.

### O CATEDRÁTICO FERNANDO PÉREZ ENTRA NA DIRECTIVA DA REAL ACADEMIA GALEGA DA CIENCIA

O investigador de atlantTIC forma parte do equipo presidido por Juan Lema. [\(DUVI\)](#) [+info](#)



Anabel Gonzalez Penin co reitor.

### ANABEL GONZALEZ PENÍN FOI GALARDOADA CO VII PREMIO DE COMPROMISO COA IGUALDADE DE XÉNERO.

A denuncia da exdirectora de Igualdade na UVigo: “Tiven que xustificar demasiadas veces o meu posto. [\(Xornal de Vigo e comarcas\)](#). [+info](#).



Centro de Investigación Biomédicas..

### O CENTRO DE INVESTIGACIÓNS BIOMÉDICAS PREMIA A INVESTIGADORA ANA SOUSA.

O Cinbio da UVigo celebrou o seu primeiro encontro anual, no que se fixo balance da súa década de vida. ([Galicia Confidencial](#)) [+info](#).



Centro de Investigación Biomédicas..

### BABY SAFETY, UN SISTEMA ANTIMORTE SÚBITA DE LACTANTES.

A estudante Iria Ollero Cadilla deseñou este dispositivo polo que obtivo varios premios. ([INNOVASPAIN](#)) [+info](#).



As integrantes do equipo de balonmán feminino. .

### O EQUIPO DE BALONMÁN FEMININO PROCLÁMASE CAMPIÓN DE ESPAÑA UNIVERSITARIO

Trátase do primeiro ouro para a institución viguesa nun torneo de deportes colectivos. ([DUVI](#)) [+info](#)



As integrantes do equipo de balonmán feminino. .

### ANA ISABEL GONZÁLEZ OBTÉN O I PREMIO INTERNACIONAL PARA NOVOS INVESTIGADORES EN DEREITO PROCESUAL 'CARMEN CALVO SÁNCHEZ'

O galardón é concedido pola Asociación de Profesores de Dereito Procesual. ([DUVI](#)) [+info](#)



*Xiana Pérez Ogando.*

### **XIANA PÉREZ OGANDO ACADA O BRONCE NO CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE ESGRIMA**

A alumna de CC de Educación e do Deporte rematou terceira na competición de florete feminino. ([DUVI](#)) [+info](#)



*O equipo, cunha integrante do xurado, co galardón acadado.*

### **GCODE ROBOTICS OU UNHA ESTREA CON PREMIO NO ASTICHALLENGE 2019**

O equipo da universidade acadou dous galardóns no desafío de robótica móbil colaborativa. ([DUVI](#)) [+info](#)



*A nadadora da UVigo no centro da imaxe coa súa medalla.*

### **BEA GÓMEZ, OURO NOS 200 ESTILOS NO CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE NATACIÓN**

Tamén acadou un cuarto posto nos 100 braza. ([DUVI](#)) [+info](#)



*O equipo vigués tras recibir o galardón. .*

### **UN EQUIPO VIGUÉS FAISE CUN DOS GALARDÓNS NACIONAIS DE HACKFORGOOD**

Desenvolveron unha aplicación web para loitar contra a exclusión social dende a escola. . ([DUVI](#)) [+info](#)



Manu Brea (á esquerda), no segundo andar no . .

## VIGO FAISE COA PRATA NO CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE BÁDMINTON E CO BRONCE NO DE VELA


Nos días previos á Semana Santa o deporte universitario estivo en plena actividade. ([DUVI](#)) [+info](#)



Galardoadas e galardoados no campionato de orientación .

## A UNIVERSIDADE DE VIGO GAÑA O CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN

O equipo de orientación da Universidade de Vigo gañou o Campionato Galego Universitario de Orientación. ([DUVI](#)) [+info](#)



"Estatus", dirixida polo alumno Ricardo Araujo..

## UNHA CURTA REALIZADA POR ALUMNADO DE CCSS E DA COMUNICACIÓN, FINALISTA DO CERTAME SUROSCOPIA

O certame está impulsado pola Universidade de Cordoba. ([DUVI](#)) [+info](#)



Tania Ballesteros durante a exposición.

## UN ESTUDO SOBRE O CARALLO DE MAR GAÑA A PRIMEIRA EDICIÓN DO CONCURSO MARATÓN

A investigadora da Eciemat Tania Ballesteros impúxose a outros sete participantes no certame. ([DUVI](#)) [+info](#)

**Un proyecto para frenar el bullying logra el premio de los Telecomos**

REDACCIÓN.VIGO  
localiad@atlantico.net



*Araujo no centro da ringleira de abaixo.*

**UN PROXECTO PARA FRENAR O BULLYING LOGRA O PREMIO DOS TELECOS.**

O Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións fallou os premios Galicia das Telecomunicacións. ([Atlántico Diario](#)) [+info](#)

**'ESTATUS' GAÑA O PREMIO Á MELLOR CURTA DE FICCIÓN DO CERTAME SUROSCOPIA**

63 obras concorreron a este concurso da Universidade de Córdoba. ([DUVI](#)) [+info](#)



*Anxo Fernández Moscoso obtivo o bronce.*

**O CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE JUDO DEIXA DOUS BRONCES PARA A UNIVERSIDADE DE VIGO**

Na recta final do curso sucédense os Campionatos de España Universitarios dos diferentes deportes. ([DUVI](#)) [+info](#)

**La web de la Universidad, premio "Drupal Camp Spain"**

REDACCIÓN.VIGO

**A WEB DA UNIVERSIDADE, PREMIO DRUPAL CAMP SPAIN.**

A web da UVigo logrou triunfar no apartado de Educación.


([Atlántico Diario](#)) [+info](#)



Anxo Fernández Moscoso obtivo o bronce.

### UN PROXECTO NACIDO EN DEBUT GAÑA O CONCURSO DE DESEÑO DUNHA COLECCIÓN CÁPSULA DO BILBAO BBK LIVE

As tituladas Inti Nuñez e Erica Oubiña foron premiadas no concurso impulsado polo festival BIAAF. ([DUVI](#)) [+info](#)



Mercedes Martínez.

### UN VÍDEO DUNHA INVESTIGACIÓN SOBRE A ACCESIBILIDADE AOS MEDIOS EN GALICIA GAÑA O III RESEARCH PITCHES CONTEST

Mercedes Martínez da FFT impúxose no certame do Grupo Compostela de Universidades. ([DUVI](#)) [+info](#)



Mercedes Martínez.

### A DEPUTACIÓN RECOÑECE OS TRABALLOS DE SEIS EGRESADAS POLO SEU COMPROMISO COA IGUALDADE

A institución provincial fixo público o fallo dos III Premios Sofía Novoa Ortiz. ([DUVI](#)) [+info](#)



A fotografía gañadora, obra de Carla Ortiz.

### TRES OLLADAS AO CAMPUS, PREMIADAS NO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA SEMANA DA CREATIVIDADE E DA INNOVACIÓN

Alejandra Díaz e Isabel Diéguez foron recoñecidas como finalistas. . ([DUVI](#)) [+info](#)





"Bluz" é o título do proxecto de Soler.

## UN DESEÑO DA PROFESORA ANA SOLER GAÑA O CONCURSO LEXUS ART CAR

O seu proxecto "Bluz" participará agora no certame europeo.

([DUVI](#)) [+info](#)



José Ignacio Armesto recibindo o premio de mans de Paul Gruhn.

## JOSÉ IGNACIO ARMESTO RECIBE EN MADRID O PREMIO ANUAL DA ASOCIACIÓN ISA ESPAÑA

O profesor da Escola de Enxeñería Industrial José Ignacio Armesto, coordinador do Máster de Mecatrónica, recibiu este xoves en Madrid o premio anual [ISA-Sección Española](#) . ([DUVI](#)) [+info](#)



O equipo humano que integra Alén Space.

## ALÉN SPACE, 'PREMIO CINCO DÍAS A LA ACCIÓN EMPRESARIAL MÁS INNOVADORA LIGADA A LA UNIVERSIDAD'

A spin-off da Universidade de Vigo Alén Space gañou o *Premio a la acción empresarial más innovadora ligada a la universidad* que outorga o xornal *Cinco Días*. ([DUVI](#)) [+info](#)



Foto de grupo trala competición.

## O CLUB ESCUALOS CAMPUS DA AUGA ACADA O SEXTO POSTO NO CAMPIONATO GALEGO DE VERÁN DE NATACIÓN MÁSTER

O Club Natación Escualos Campus da Auga participou con éxito esta fin de semana no Campionato Galego de Verán de Natación Máster, celebrado na piscina Rosario Dueñas de Ourense. ([DUVI](#)) [+info](#)



A docente viguesa, quinta pola Esqueda, co resto de premiados do certame.

## A PROFESORA M<sup>a</sup> JOSÉ BRAVO BOSCH RECOLLE DOUS GALARDÓNS NO IV FESTIVAL DE CINE ARQUEOLÓGICO DE CASTILLA Y LEÓN

A profesora da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo M<sup>a</sup> José Bravo Bosch recolleu esta fin de semana no Teatro Principal de Zamora dous dos premios outorgados no IV Festival de cine arqueolóxico de Castilla y León. ([DUVI](#)) [+info](#)



Foto de familia das e dos premiados cos responsables do COIT e AEIT.

## RECOÑECEMENTO DO COLEGIO OFICIAL E DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE INGENIEROS DE TELECOMUNICACIÓN A DOUS ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Premios que outorgan o Colegio Oficial de Ingenieros de Telecomunicación (COIT) e a Asociación Española de Ingenieros de Telecomunicación (AEIT) ([DUVI](#)) [+info](#)



Francisco Sánchez (abaixo á esquerda) co resto dos premiados.

## UN VÍDEO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA SOBRE OCIO OBTÉN UN PREMIO NACIONAL.

O estudante de Comunicación Audiovisual Francisco Sánchez foi un dos seleccionados no concurso "Drogas: Tu punto de mira". ([Diario de Pontevedra](#)) [+info](#).



Xabier García.

## O PROFESOR XABIER GARCÍA ACADA O PREMIO DE INVESTIGACIÓN MATEMÁTICA VICENT CASELLES

Xabier García, profesor da Universidade de Vigo, é un dos seis novos investigadores e investigadoras do campo das matemáticas que acaban de ser distinguidos cos Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles. ([DUVI](#)) [+info](#)



Os compoñentes do equipo durante a celebración viguesa do HackforGood en marzo.

## O EQUIPO BICAREFUL DA UNIVERSIDADE DE VIGO GAÑA O PREMIO INNOVACIÓN SOSTENIBLE DE HACKFORGOOD 2019

O equipo BiCARerful formado por estudantes da Universidade de Vigo gañou o Premio de Innovación Sostenible de Telefónica da edición HackForGood 2019. ([DUVI](#)) [+info](#)



Carlos Hervés, no centro, acompañado por diferentes persoas que participaron na sesión.

## A PRESTIXIOSA SOCIEDADE ECONÓMICA SAET HOMENAXEA EN ITALIA AO PROFESOR CARLOS HERVÉS


En 2011 o catedrático da Universidade de Vigo Carlos Hervés, coordinador da agrupación estratéxica Ecobas, entrou nun selecto club de economistas no que apenas hai integrantes españois. ([DUVI](#)) [+info](#)



O xurado do certame deste ano.

## MOHAMED EL AMINE, ELENA MATAMORO, ALBA CASTILLO E ROSA PARDAL GAÑAN NOVOS VALORES.

Mohamed El Amine, Elena Matamoro, Rosa Pardal e Alba Castillo son os gañadores dos Premios Novos Valores 2019. ([Faro de Vigo](#)) [+info](#).



## OS PREMIOS ÍNSUA DOS POETAS PREMIA SETE TRAXECTORIAS DE PERSOAS OU COLECTIVOS


A profesora María Victoria Carballo-Calero, recibiu o premio de Artes Plásticas polo seu incesante traballo a pro da pintura, escultura, Arquitectura e arte urbana. ([Cultura Galega](#)) [+info](#).



Ana Soler.

### ANA SOLER BAENA GANA O IV PREMIO LA PALABRA PINTADA AO MELLOR LIBRO DE ARTISTA.

A artista e profesora de Deseño Gráfico da facultade de Belas Artes foi pola Fundación Ankaria. ([Faro de Vigo](#)) [+info](#).



Carlos Coroas.

### CARLOS COROAS INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO E GAÑADOR DUN PREMIO MATH-IN.

O proxecto que lle dou o premio está enmarcado no sector da automoción. ([La Voz de Galicia](#)) [+info](#).

Unha muller perdida.  
Willa Cather



### ANTÍA VERES GAÑA O XVIII PREMIO DE TRADUCIÓN PLÁCIDO CASTRO.

O xurado premiou o seu traballo coa novela “Unha muller perdida” de Willa Cather. ([Cultura Galega](#)) [+info](#)

**Antonio Sartal  
logra un premio  
internacional por  
su labor científica**

REDACCIÓN. VIGO  
localad@atlantico.net

### ANTONIO SARTAL LOGRA UN PREMIO INTERNACIONAL POLA SÚA LABOR CIENTÍFICA.

É integrante do grupo Rede (Research Group un Energy Innovation and Environment). ([Atlantico Diario](#)) [+info](#).



Pastoriza, Segundo pola esquerda, e Juste, segundo pola dereita.

## La Coordinadora de Trasplantes premia un corto de la UVigo

REDACCIÓN. OURENSE  
universitas@laregion.net

## DOS INVESTIGADORES DA UVIGO NUNHA REDE DE BIOENXEÑARÍA, REFERENTES NA EUORREXIÓN.

Isabel Pastoriza e Jorge Pérez Juste, do grupo de Química Coloidal, sobresaen polas citas dos seus artigos. ([Faro de Vigo](#)) [+info](#).

## A COORDINADORA DE TRASPLANTES PREMIA UN CORTO DA UVIGO.

Os premiados son Noemi Parga e Matías Kesler da Facultade de Ciencias Sociais. ([La región](#)) [+info](#).

## OS PREMIOS DA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS RECOÑECEN UN TRABALLO DO MATEMÁTICO XABIER GARCÍA

A Real Academia Galega de Ciencias fixo públicos os seus Premios de Investigación 2019, entre os que está o matemático e profesor da Universidade de Vigo Xabier García. ([Duvi](#)) [+info](#).



Foto de Xabier García proporcionada pola Real Academia de Ciencias

## Divulgare, mejor vídeo para redes en el festival #LabMeCrazy!

## DIVULGARE, MELLOR VÍDEO PARA REDES NO FESTIVAL #LABMECRAZY.

Recibiu o premio ao mellor vídeo para internet e redes sociais do festival que organiza o Museo de Ciencias da Universidade de Navarra.



Os investigadores na entrega de premios.

## UN PREMIO INTERNACIONAL CONSOLIDA O LIDERADO DO GRUPO DE TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN NO ÁMBITO DOS SISTEMAS 5G

O [Grupo de Tecnoloxías de Información](#) de [atlanTTic](#) acaba de recibir en Londres un dos premios entregados no [Edge Computing Congress](#), un encontro no que se reuniron os principais operadores de sistemas de comunicación móbil. ([Duvi](#)) [+info](#).



**FICHA PERSONAL**  
 ■ Xavier Labandeira Villot (Vigo, 1967), catedrático de Economía de la UVigo; director del centro de investigación Economics for Energy y autor principal de informes de evaluación del Grupo Intergubernamental sobre cambio climático de la ONU (IPCC).

## XAVIER LABANDEIRA É DISTINGUIDO POLA REAL ACADEMIA GELAGA DE CIENCIAS

Recibe a medalla Domingo García-Sabell Rivas. ([Faro de Vigo](#)) [+info](#).



## O PREMIO ABERTIS DISTINGUE A TESE DOUTORAL DE MARIO SOLIÁN RODRÍGUEZ.

A tese trata sobre seguridade vial ([La Vanguardia](#)). [+info](#)



A catedrática de Psicoloxía Xurídica do Menor.

## A INTERNATIONAL SOCIETY FOR THERAPEUTIC JURISPRUDENCE PREMIA A TRAXECTORIA DA CATEDRÁTICA FRANCISCA FARIÑA

A catedrática de Psicoloxía Xurídica do Menor da Universidade de Vigo Francisca Fariña foi recoñecida co premio Wexler/Winick. Impulsado pola [International Society for Therapeutic Jurisprudence](#), este galardón busca recoñecer o labor da profesora da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte á fronte da Asociación Iberoamericana de Xustiza Terapéutica (AIJT), organización da que Fariña é presidenta e fundadora. ([Duvi](#)) [+info](#).



## A FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN OBTÉN O PREMIO XELA ARIAS


Coincidindo coa celebración onte luns do Día Internacional da Tradución, fíxose público o fallo do xurado que outorgou o II Premio Xela Arias á Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Este galardón naceu o pasado ano da man da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI). ([Duvi](#)) [+info](#)



Alba Aguión..

## ALBA AGUIÓN, PRIMEIRA GALEGA NUNHA REDE INTERNACIONAL DE CIENTÍFICAS QUE ASPIRAN A LIDERAR AS DECISIÓNS SOBRE O FUTURO DO PLANETA

Co obxectivo de constituír unha rede internacional de 1000 mulleres formadas en diversos ámbitos científicos, que poidan liderar e influír na toma de decisións que afectan ao planeta, arrancaba no ano 2016 en Australia o programa [Homeward Bound](#). ([Duvi](#)) [+info](#)



O fosfato cálcico tería menos efectos negativos sobre a pel e o medio ambiente.

## A AMERICAN CERAMIC SOCIETY PREMIA O GRUPO LASERON POLO DESENVOLVEMENTO DE PROTECTORES SOLARES A PARTIR DE ESPÍNAS DE PEIXE TRATADAS CON LÁSER

A American Ceramic Society outorgou ao Grupo de Aplicacións dos Láseres ([LaserON](#)) da Universidade de Vigo o premio á mellor investigación, *Best paper award*, polo seu traballo centrado no desenvolvemento de protectores solares a partir de espiñas de peixe tratadas con láser. ([Duvi](#))[+info](#).

## A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CONCEDEU OS PREMIOS FIN DE CARREIRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

27 premios son para estudantes da Univesidade de Vigo. ([DOG](#))[+info](#).

# DOG

DOG do 14/10/2019..



Carlos Nogueira nun acto celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución.

## CARLOS NOGUEIRA, INVESTIGADOR DA CÁTEDRA JOSÉ SARAMAGO, RECIBE O PRESTIXIOSO PREMIO DE ENSAIO JACINTO DO PRADO COELHO

Carlos Nogueira, investigador da [I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo \(CJS\)](#), acaba de ser galardoado co prestixioso Premio de Ensaio Jacinto de Prado Coelho polo seu libro *Resposta a Italo Calvino*. ([Duvi](#)) [+info](#).



Foto de familia das autoridades cos premiados.

## A UNIVERSIDADE RECOÑECE A ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS E OS NINGUÉNS CO I PREMIO CONSELLO SOCIAL UVIGO-HUMANA

Pola súa contribución a crear un mundo máis comprometido, solidario e xusto, a Universidade de Vigo recoñeceu este venres á Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia e ao Foro socioeducativo Os Ninguéns co I Premio Consello Social UVigo-Humana. ([Duvi](#)) [+info](#).



## A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA RECOÑECE O TALENTO DE ÁFRICA GONZÁLEZ.

A investigadora recibe o premio "Trayectoria Profesional 2019" ([Atlántico Diario](#)) [+info](#).

## AS GAÑADORAS E GAÑADORES DOS PREMIOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA FAN GALA DO SEU TALENTO

A Universidade repartiu este ano máis de 6000 euros entre as gañadoras e gañadores dos [Concursos de Creación Artística](#), 14 traballos realizados por máis de vinte estudantes de diferentes centros, pero, sobre todo, das pontevedresas facultades de Belas Artes e Ciencias Sociais e da Comunicación.



Alumnado do Grao en comunicación Audiovisual, autodenominados Loba Films, coas atrices protagonistas.





## O PROXECTO OCENAS OF PLASTICS RECIBE UN PREMIO ADENEX 2018.

No apartado científico o galardón recíbese pola alta solvencia e terse convertido en un referente internacional. ([El diario.es](#)) [+info](#).



Foto de familia dos premiados na 42ª edición dos premios.

## RECOÑECIMENTO A UNHA TRAXECTORIA QUE COMEZOU HAI 12 ANOS CO XATCOBEO

“Por supoñer unha achega galega de impacto científico internacional no eido tecnolóxico, que combina a loita contra unha praga do noso país o lume, un impacto económico coa creación dunha incipiente industria aeroespacial galega e poñer a Galicia, literalmente, no espazo” ([Duvi](#)) [+info](#).



Eva López e Raquel Gómez son as impulsoras de Somos Terra, premio Incuvi-Avanza.

## SOMOS TERRA, UNHA CONSULTORÍA AMBIENTAL PARA “FOMENTAR A SUSTENTABILIDADE DO TERRITORIO”


Cando hai dous anos as biólogas Raquel Gómez e Eva López uniron os seus camiños preocupadas pola emerxencia climática e o futuro do planeta, pouco podían pensar que o seu compromiso podía converterse tamén nunha opción profesional con futuro. ([Duvi](#)) [+info](#).



Aberto a TFG de todas España o primeiro premio foi para a egresada Carmen Quitáns, Foto: Ahorro Corporación Financeira.

## BELAS ARTES TRIUNFA DE NOVO NOS GALARDÓNS AOS MELLORES TFG DE ESPAÑA

Máis dun cento de traballos de fin de grao (TFG), defendidos en diferentes universidades españolas concorreron á segunda edición do [Premio Talento Artístico Ahorro Corporación Financeira \(ACF\)](#), un certame que, ao igual que na súa primeira edición, volveu recoñecer o talento do alumnado formado na Facultade de Belas Artes do campus pontevedrés. ([Duvi](#)) [+info](#)



Premio Fernando Calvet Prats para os biodeterxentes do grupo de investigación EQ.10.

## O GRUPO DE INVESTIGACIÓN EQ10 E A SPIN-OFF ALÉN SPACE RECIBEN OS PREMIOS DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA DE GALICIA 2019

Dous dos tres Premios de Transferencia de Tecnoloxía en Galicia veñen para a Universidade de Vigo. Esta convocatoria, convocada pola Real Academia Galega de Ciencias en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, premiou na súa quinta edición dúas propostas da institución viguesa. ([Duvi](#)) [+info](#).



A gañadora do Premio Compostela Ilustrada 2019

## A ALUMNA DE BELAS ARTES MANUELA ELIZABETH RODRÍGUEZ GAÑA O PREMIO COMPOSTELA ILUSTRADA.

Os participantes no certame tiñan que captar o ambiente da rúa do Vilar nun bosquejo ou ilustración. ([Cultura Galega](#)) [+info](#).



Foto de grupo ao remate da gala.

## 41 EXEMPLOS DE COMPROMISO CO DEPORTE E COS SEUS VALORES

A festa do deporte da Universidade de Vigo trasladouse este ano ao campus de Ourense. 41 persoas e colectivos, principalmente da comunidade universitaria pero tamén alleos a ela, foron galardoados este xoves na celebración da XXVIII Gala do Deporte Universitario. Elas e eles recolleron os seus galardóns en recoñecemento ao seu compromiso co deporte e cos seus valores. “O deporte poder ser unha ferramenta idónea para facer mellores persoas que fagan unha sociedade mellor”, recalcou na cerimonia Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo. ([Duvi](#)) [+info](#)



O delegado da Zona Franca, David Regades, os investigadores Alfonso Fernández, Yolanda Rodríguez e Antonio Pino, xunto co reitor Manuel Reigosa.

## O PROXECTO CX-GEODRONE REPRESENTARÁ A GALICIA NO INTERNACIONAL GALILEO MASTERS

Un radar instalado en drones para detectar, de xeito preciso, obxectos sobre un plano terrestre ou subterráneo. Esta é a proposta coa que o Grupo de Antenas, Radar e Comunicacóns Ópticas da Universidade de Vigo acaba de gañar o concurso Galicia Challenge. O premio foi recollido esta mañá polo catedrático Antonio Pino García e os investigadores Yolanda Rodríguez Vaqueiro e Alfonso Fernández da man do reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, e o delegado da Zona Franca, David Regades. ([Duvi](#)) [+info](#)



Foto de grupo das persoas que recolleron premios..

## DOUS ESTUDOS SOBRE EFICIENCIA DE CUSTES EN MITSUBISHI E O TURISMO EN VERÍN ACADAN OS PREMIOS JOSÉ MANUEL PÉREZ CANAL

Un estudo sobre a eficiencia de custes en Mitsubishi e outro sobre o turismo en Verín acadaron este martes os primeiros premios dos galardóns que cada ano conceden a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense e o Colexio de Economistas de Ourense aos mellores traballos fin de grao do centro. Ademais, distinguíronse traballos sobre as criptomonedas, o turismo para celiacos e as pensións. ([Duvi](#)) [+info](#)



Representantes de Red Intur entregando o galardón a Cristina Rico.

## UN ESTUDO SOBRE O TURISTA DE RALLYS EN GALICIA É ELIXIDO COMO UN DOS MELLORES TRABALLOS FIN DE MESTRADO ESTATAL DA SÚA ÁREA

Un traballo fin de mestrado sobre as e os asistentes a rallys de asfalto en Galicia e un traballo fin de grao sobre eficiencia de custes en Mitsubishi, ambos presentados na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense, conseguiron cadansúa distinción de ámbito estatal. O primeiro foi elixido pola Red Intur como un dos oito mellores traballos fin de mestrado en turismo no ano 2019 en España e o segundo acadou unha mención dos galardóns anuais para os mellores traballos fin de grao da Asociación Española de Economía. ([Duvi](#)) [+info](#)



## O PROXECTO CX-GEODRONE GAÑA O SPACE OSCAR 2019 Á MELLOR IDEA DO ANO

Entre máis de 300 propostas emprendedoras de toda Europa baseadas na navegación por satélite, o proxecto CX-Geodrone, impulsado polas universidades de Vigo e de Oviedo, foi elixido como a mellor idea do ano nos Space Oscar 2019. Os seus promotores recolleron o galardón esta pasada noite en Helsinki na entrega dos premios da convocatoria Galileo Másters, promovida pola Axencia Europea GNSS, a Axencia Espacial Europea, o Centro Aeroespacial Alemán e o Ministerio Federal Alemán de Transporte e Infraestruturas Dixitais. ([Duvi](#)) [+info](#)



*O egresado da facultade de Ciencias da Educación e do Deporte David Rodríguez.*

## A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE MEDICINA DO DEPORTE PREMIA UN ESTUDO REALIZADO NO CAMPUS

A revisión e meta-análise dos estudos existentes sobre os efectos do exercicio no medio acuático en persoas con disfunción renal, que o egresado da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte David Rodríguez realizou para o seu traballo de fin de máster, foi recoñecida nos [premios Semed-Femede](#) á investigación da [Sociedade Española de Medicina do Deporte](#). ([Duvi](#)) [+info](#)



*O egresado da facultade de Ciencias da Educación e do Deporte David Rodríguez.*

## SEIS ESTUDOS E UNHA INICIATIVA GAÑAN OS II PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS DA AUGA

A Vicerreitoría do Campus de Ourense fixo público este luns o nome das e dos gañadores dos [II Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga](#). Nesta edición concedéronse cinco premios e dous accésits a seis estudos e unha iniciativa de persoal docente e investigador e alumnado da Universidade de Vigo. . ([Duvi](#)) [+info](#)

---

## UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Edificio anexo a xerencia.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: [https://uvigo.gal/uvigo\\_gl/administracion/analises-programas/index.html](https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/analises-programas/index.html)

# Universidade de Vigo